

## Manuel María e o *Cancioneiriño de Valdeorras*

Noelia Estévez Rionegro<sup>1</sup>

A Laura Mariño, por tan sentido agasallo

*Esta terra galega de Valdeorras,  
tan barroca e sinxela,  
na que xente e paisaxe se confunden  
facéndose unha soa voz,  
un único latexo:  
é o lugar  
no que tivo que estar o paradiso.*  
Manuel María

### 1. Introducción

No mes de abril de 2003, ano no que o Día das Letras Galegas era adicado ao noiés Antón Avilés de Tamarancos, a Asociación Cultural Lumieira de Carballo de Bergantiños sacaba á luz a primeira edición do *Cancioneiriño de Valdeorras*, da autoría do poeta Manuel María (Outeiro de Rei, 1929 - A Coruña, 2004), baixo o heterónimo de M. Outeiro Hortas. Con este xesto, Lumieria propúñase un dobre cometido: por unha banda, loubar o seu autor acabado de ingresar na Real Academia Galega e, por outra, reivindicar a figura do poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo, Ourense, 1903 - Fair Oaks, California, 1987) no centenario do seu nacemento. A estreita relación de amizade e admiración que entrambos se profesaban, manifesta explicitamente no *Cancioneiriño* a través dun poema de homenaxe, queda selada dende a escolla da cita coa que este principia: dous versos dun poema de Delgado

Gurriarán no que evoca a súa infancia e primeira adolescencia na localidade valdeorrés de Córghomo (“Meu Córghomo de Valdeorras / é bocarribeira crara”). Alén de contextualizar xeograficamente o poemario no seu decorrer por terras valdeorresas e comarcas limítrofes, os versos de Delgado Gurriarán sitúano tamén na realidade cultural galega do momento e vincúlano ao maior expoñente poético do oriente ourensán, coetáneo, veciño, por un tempo, e recoñecido amigo de Manuel María.

En 2016, transcorridos doce anos do seu pasamento, o Día das Letras Galegas é adicado ao poeta Manuel María e, á vez que comezan a proliferar as actividades culturais arredor da súa figura, tamén se abre un novo período para a reflexión sobre futuras candidaturas á maior homenaxe que rende o mundo da literatura galega. Como viña ocorrendo en anos anteriores, diferentes colectivos de Valdeorras únense para reivindicar o Día das Letras Galegas 2017 para Florencio Delgado Gurriarán e válese, desta volta, da súa vinculación co homenaxeado Manuel María para reunir, como fixera Lumieira, os nomes dos dous poetas nos actos culturais levados a cabo na comarca, entre os que sobresaie a reedición do *Cancioneiriño de Valdeorras* a cargo do Concello do Barco de Valdeorras e na que colabora, como autor do “Prolepílogo”, o profesor e escritor (barquense de pro e barcelonés de adopción) Camilo Valdehorras.

<sup>1</sup> Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Lingua Española.  
E-mail: nrionegro@gmail.com

A relevancia desta obra é innegable no contexto cultural dunha pequena comarca do interior de Galicia e limítrofe na meirande parte da súa contorna coa comunidade castelá-leonesa, pero tamén no panorama literario galego e no conxunto da obra do poeta, en tanto que chega ao público un poemario, relativamente descoñecido, testemuño do seu paso por unha terra que lle evocou tan sentidos e selectos versos e na que coñeceu e forneceu amizades con reputados valdeorreses que marcaron, xunto ao patrimonio xeográfico e paisaxístico do enclave, unha importante fase vital de Manuel María.

## 2. Análise da obra

Nun xogo metaliterario, o humildemente denominado *Cancioneiriño* comeza cunha nota, titulada “Brevisima noticia de M. Outeiro Hortas, autor do *Cancioneiriño de Valdeorras*”, asinada co nome de Manuel María e na que se dá conta de certos datos escollidos sobre a vida do autor ficticio no val de Valdeorras, onde exerceu de profesor, impulsou a fundación do Instituto de Estudos Valdeorreses e mantivo unha activa vida social. Foi a saúde, trastocada pola contaminación que producía a fábrica de carburos, o que o levou a abandonar o lugar, en palabras de Manuel María, “sen deixar rastro”, mais deixando unha fonda pegada nas persoas que o trataban acotío (Evelina Losada, esposa de Francisco Fernández del Riego; Xoaquín Rebolledo, reputado adegueiro; ou o funcionario de Saltos do Sil, Lois da Pena Méndez, a quen M. Outeiro Hortas deixaría o poemario manuscrito), que queda reflectida na obra.

O poemario de Outeiro Hortas supón un percorrido pola xeografía do interior ourensán ata as súas lindes coas provincias veciñas de Lugo e León. Un itinerario ben coñecido polas xentes da comarca, que descorre entre a localidade luguesa de Montefurado e o Bierzo leonés. Así, dende o comezo da obra (cun poema de invocación e ofrenda ás terras de Valdeorras) e durante o seu transcurso o autor non esquece ningún dos lugares emblemáticos da comarca, onde os topónimos, coa súa envolvente fonética, emerxen do lirismo e elevan a beleza dos versos: Carballal, Santigoso, Rubiá, Somoza, A Veiga, Correxais, Arnado, O Barco, Penouta, A Rúa, Petín, Vilamartín, Carballeda, Córghomo, Valdegodos, O Castro, Outeiro, Viloira, Xagoaza e Sobradelo son paraxes que se repiten ao longo da obra. Sirvan como exemplo os versos que seguen:

Terras del Valdeorras gardadas  
polas Serras do Eixe,  
da Lastra e da Cabreira:  
(...)

¡Sodes a avanzada de Galicia  
cara ó páramo de León  
(...)

Pérdome polo Barco, A Rúa,  
Petín, Vilamartín, Carballeda,  
Córghomo, Val de Godos,  
Vila do Castro, Outeiro,  
Viloira, Xagoaza, Sobradelo...

(“Invocación e ofrenda”, Manuel María 2003: 13-14)

Esta panorámica da xeografía valdeorresa vese incrementada polos poemas adicados a Montefurado e ás Médulas, que marcan os lindes nos que a comarca e os seus roteiros quedan acoutados. En ambos os dous casos, os versos recrean o pasado histórico e a orixe romana das paraxes. Posiblemente, a súa localización no *Cancioneiriño* non sexa casual e trate de emular, na propia disposición do poemario, esa situación xeográfica: ao colocarse a “Canción de Montefurado” inmediatamente detrás do poema inicial e a “Canción das Médulas”, en penúltimo lugar, seguida das “Palabras para rematar” que pechan a obra, dalgún xeito, establécese no cancionero unha parte central e outra periférica, de maneira que estas composicións envolven ou cercan os poemas nos que o autor canta a Valdeorras e que son o eixe do cancionero. A modo de ilustración, ofrécese un extracto de cada unha das cancións:

Montefurado é un monte  
Furado pola cobiza  
Da vella Roma imperial  
Que saqueou Galiza.

Montefurado é un monte,  
Un penedo roxo e mouro  
¡e garda a viva membranza  
dos buscadores de ouro!  
(...)

(“Canción de Montefurado”, Manuel María 2003: 15)

As Médulas son un mundo  
Insólito e alucinante  
Cos seus castiñeiros vellos  
E o seu vermello sangrante.

As Médulas son Galaecia,  
O propio ser ancestral,  
Terra galega onde vive  
A nosa patria inmortal.  
(...)

(“Canción das Médulas”, Manuel María 2003: 37)

Aproximadamente, no punto medio do percorrido situaríase O Barco de Valdeorras, a vila máis habitada e extensa que conforma, en palabras de Manuel María, a “cabeza de Valdeorras”, e a única á que o poeta adica unha composición completa:

Ouh Barco, prodigio de blanchura,  
Ollando cara ó ceo que te cobre;  
Contemplando ó serán a hermosura  
Da vide retorta, escura e nobre!

¡Cabeza de Valdeorras! ¡Capital  
da máis sutil e fina cortesía!  
(...)

Tés música de colmea rumorosa  
E a Leducia do pan e mais do viño.  
Barco de Valdeorras: ¡branca rosa  
Que recendes á beira do camiño...!

(“Poema ó Barco de Valdeorras”, Manuel María 2003: 33)

Alén dos topónimos, son tamén frecuentes no *Cancioneiriño* os hidrónimos e os orónimos, que tan delicadamente se retratan e engarzan na xeografía que, a modo de mapa poético, debuxa o autor. Os montes, as serras, os viñedos e os ríos ocupan unha parte importante do poemario. A Serra do Eixe, a Serra da Lastra, a Serra da Cabreira, Pena Trevinca, o monte Bonseñor e o monte da Cova, que conforman o patrimonio forestal da comarca, son evocados en varias ocasións nos primeiros poemas da obra, ademais de ser o tema central na composición “Os montes”:

Ouh Serras da Lastra e da Cabreira,  
Pena Trevinca e Monte Bonseñor:  
¡que doce a lonxanía en Primavera!  
(...)

Serra do Eixe e mais Monte da Cova:  
¡que ar tan transparente nas alturas!  
(...)

(“Os montes”, Manuel María 2003: 17)

Canto ao patrimonio hidrográfico, o eu poético di envolverse no rumor dos ríos Xares, Éntoma, Candís, San Xulián, Casoio e, por suposto, o Sil, practicamente omnipresente ao longo do *Cancioneiriño* no que, ademais, ocupa un lugar central a “Canción ó río Sil”:

O noso Sil cando chega  
Dende o reino de León:  
¡aprende a fala galega  
na que di a súa canción!

De Covas a San Martiño  
Baixa feliz, rumoroso,  
Contemplando vagariño  
Este país tan hermoso.

(...)

Meu río Sil... ¡Dime sí  
Te lembrás das aureanas  
Que che arrincaban a ti  
O ouro das túas entranas!

(“Canción ó río Sil” Manuel María 2003: 19)

Outros poemas:

(...)  
escoito a voz do vello Sil  
afogada xa con tanto encoro.  
no meu peito resoa alporizado  
o canto do Xares, do Candís,  
do San Xulián, do éntoma,  
do Casoio e mais do Valvorraz.

(“Invocación e ofrenda”, Manuel María 2003: 13)

(...)  
¡Ouh, río Sil...! ¡Dime sí  
aínda teimas e te afanas  
en gardar o ouro que ti  
lle negache ás aureanas!

(“Canción dos viños”, Manuel María 2003: 23)

(...)  
O rumor do Sil faise entón  
música maina escoitada  
polas vides, chouplos,  
faias, carballos, castiñeiros  
ós que a brisa estremece  
e obrígaos a soñar  
coas míticas aureanas lexendarias.

(“Palabras para rematar”, Manuel María 2003: 39)

O itinerario poético que traza Manuel María na súa obra, non só reflicte o patrimonio orográfico da zona (os seus vales, ríos e montes), senón tamén a idiosincrasia, os costumes

e a cultura do lugar. Están presentes as festas, feiras e romarías que periodicamente se celebraban nos núcleos máis poboados: o mercado e as festas do Barco, as feiras de Viloira e Sobradelo ou as romarías da Rúa polo San Roque, de Vilamartín polo San Xurxo ou de Penouta polo San Benito son parte da activa vida sociocultural da que o poeta gozaba na zona. Así o amosan composicións como as que seguen:

Hei ir ó Barco ó mercado  
E á feira de Sobradelo!  
(...)

Hei ir á feira da Rúa,  
Os meus sonhos hei vender.  
(...)

Voume meter a tratante  
Nas feiras valdeorrasas.  
¡Vendo sonhos en mingoante  
e mercó estrelas acesas!

(“Poemiña das feiras”, Manuel María 2003: 21)

San Roque na Rúa Vella  
Cando arde o sol de agosto,  
(...)

San Xurxo en Vilamartín,  
Festas na Vila do Castro:  
(...)

No Barco as festas do Cristo,  
En Penouta o San Benito.  
¡Xa teño o meu sonho listo  
para cegar ó infinito.

(“Canción das romarías”, Manuel María 2003: 31)

Mais se algo caracteriza a comarca de Valdeorras é o seu potencial enolóxico, un sector no que xa despuntaba cando Manuel María pisou, por primeira vez, esta terra de viticultores. Non lle pasaron desapercibidos ao autor os caldos elaborados na comarca, aos que adica unha fermosa canción loubando a súa calidade:

Meus viños de Valdeorras,  
Sen vós non podó vivir:  
¡e dende a cor ás escorras  
non teño que vos pedir!

Tintos do Barco, da Rúa,  
De Carballal ou Somoza:  
¡sodes a verdade núa,  
o sangue que nos remozá!

Brancos de Vilamartín,  
De Córcomo e de Fontei:  
¡non me esquezades a min,  
que non vos esquecerei!  
(...)

(“Canción dos viños”, Manuel María 2003: 23)

Descoñécese se, por esta ou outra razón, o autor mantivo unha afectuosa amizade cun dos adegueiros máis afamados no mundo da viticultura galega, o avogado rués Xoaquín Rebolledo, fundador dunha das primeiras adegas da Denominación de Orixe de Valdeorras, que leva o seu nome. Así o deixa escrito no “Sonetiño celebrando a excelente calidade do viño do seu amigo Xoaquín Rebolledo, nacido, criado e feito en Valdeorras”, no que compara coa meiguería o seu arte e bo facer na elaboración do viño mencía, “tinto imponente, / asombro do mundo enteiro”:

Dime, Xoaquín Rebolledo:  
¿quen che deu sabiduría  
para alternar a avogacía  
co cultivo do viñedo...?

¿Con que vella meiguería  
ou por que raro saber  
podes, das uvas, facer  
unha sublime ambrosía...?

(“Sonetiño celebrando a excelente calidade do viño do seu amigo Xoaquín Rebolledo, nacido, criado e feito en Valdeorras”, Manuel María 2003: 25)

Xoaquín Rebolledo é, xunto con Florencio Manuel Delgado Gurriarán, o único persoeiro obxecto poético de Manuel María neste *Cancioneiriño*. Ambos os dous representan os eixos culturais da comarca: o primeiro, como representante do produto máis típico e característico da zona, e o segundo como o seu referente literario. A seguir, ofrécense uns versos seleccionados do poema “Homenaxe a Florencio-Manuel Delgado Gurriarán, poeta de Valdeorras”:

Florencio-Manuel, amigo  
do vello Sil cantador:  
(...)

Florencio-Manuel Delgado,  
o da Galicia infunda:  
(...)

Florencio-Manuel, segrel

da terra valdeorresa,  
(...)

En Valdeorras non se afán  
sen o teu verso amantitiño,  
¡ouh Delgado Guirriarán,  
cantor da terra e do viño!

(Manuel María 2003: 29)

Sen aludir a ningunha en concreto, o eu lírico describe tamén, en forma de madrigal, a muller valdeorresa. Non se pode adiviñar se a referente é unha muller concreta, cuxo nome sería unha incógnita, ou o colectivo de mulleres da comarca:

Dona xentil e xeitosa,  
Non saio do meu abraio:  
¡valdeorresa fermosa,  
perfecta rosa de maio!

(...)  
¡Se eu soubera nomearte,  
valdeorresa feiticeira...!  
¡Quen pondera namorarte  
e terte por compañeira!

(“Madrigal á muller valdeorresa”, Manuel María 2003: 27)

Os versos que Manuel María canta a Valdeorras constitúen, en definitiva, unha importante panorámica etnográfica da comarca e da súa contorna e poñen en valor o capital social, cultural, xeográfico e humano, nunha sentida homenaxe poética a unha terra e a unhas xentes que lograron calar fondamente no poeta. Co mesmo agarimo se levaron a cabo, nesta comarca, todas as actividades culturais na súa honra ao longo do ano no que se lle adicaron as Letras Galegas. Sirva ao mesmo cometido esta humilde achega.

### 3. Referencias bibliográficas.

- Manuel María (2003): *Cancioneiriño de Valdeorras*. Carballo de Bergantiños: Edicións Lumieira.
- (2016): *Cancioneiriño de Valdeorras*. O Barco de Valdeorras: Concellaría de Cultura e Educación do Concello do Barco de Valdeorras.
- Valdehorras, Camilo (2016): “Prolepílogo para ler logo do cantar. Veleiqué o Canto ao Lugar ‘no que tivo que estar o paradiso’”, en Manuel María, *Cancioneiriño de Valdeorras*. O Barco de Valdeorras: Concellaría de Cultura e Educación do Concello do Barco de Valdeorras, pp. 7-16.